

AUTE RETRATO

Gaizka Urresti, 2019

590

ESTREA EN NUMAX: 13.09.2019 | V.O. | +7

Aute Retrato (2019, 99')

Dirección: Gaizka Urresti

Guión: Nacho Cabana, Gaizka Urresti, Juan Moya

Elenco: Forges, Ana Belén, Joaquín Sabina, Silvio Rodríguez,

Joan Manuel Serrat, Jorge Drexler, Dani Martín, Rozalen, Marwan

Son: Sergio López Eraña, Luis Eduardo Aute

Montaxe: Juan Moya

Fotografía: Pepe Añón

Música: Luis Eduardo Aute

Produtoras: Altube Filmeak, Urresti Producciones (España)

Distribuidora: Pirámide Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Español

FILMOGRAFÍA

Bendita calamidad (2005)

SINOPSE

Luis Eduardo Aute é un dos creadores máis polifacéticos do noso país; cantautor, pintor, poeta, cineasta, debuxante. Hai un par de anos, cando realizaba a Giraluna, 50 aniversario da súa carreira musical, sufriu un infarto que o mantivo tres meses en coma que o afastou da vida pública. Un grupo de compañeiros reúnen nun concerto único para darlle o seu apoio e o seu agarimo.



“O filme é un fresco do mundo que lle tocou vivir”

Entrevista co director Gaizka Urresti

Como naceu o filme? No 2015 buscaba un personaxe relevante do que facer unha biografía, como antes fixera a de Luis Buñuel, e nese momento estaba rematando a de José María Arizmendiarieta, *El hombre cooperativo*. A Luis Eduardo Aute coñezoo desde hai anos, tiña unha relación bastante próxima con el e expúxenlle a posibilidade de facer un filme. Ao principio, amosouse escéptico porque non se sentía merecedor dun filme que falase da súa vida e da súa obra. Finalmente convencino para acompañalo en 2016 na xira Giraluna, onde repasaba os seus 50 anos no mundo da música, gravando un disco no estudo, en recitais poéticos e tamén falando con amigos seus, que nos foron desvelando os detalles sobre a súa traxectoria artística e biográfica.

Por que se chama Aute Retrato?

O título é un xogo de palabras que o propio Aute utilizou ao longo da súa vida. Os discos pertencentes á triloxía de recopilatorios da súa obra chámanse *Auterretratos*. Ademais, el na pintura practicou moito os autorretratos. Nós herdamos o termo para facer este filme que é un retrato de Luís Eduardo Aute creado coa súa colaboración.

De que maneira afectou o seu infarto á película? En agosto de 2016, cando Aute sufriu un infarto, o proxecto paralizouse. Esperabamos a súa recuperación. Foron pasando os meses, e esta non chegou, non na medida en que quixéramos, pero a finais de 2017 falando coa familia e en consenso con eles, decidimos seguir adiante, en paralelo cos concertos de apoio dos seus compañeiros de profesión como tributo á súa obra, baixo o título de *Ánimo, Animal!* Nese sentido, o filme xoga un papel necesario de recoñecemento e sobre todo aposta por dar a coñecer a novos públicos, á xente máis nova, as súas cancións, as súas facetas de pintor, poeta ou cineasta.

Que desvela o filme? Como o seu propio nome indica, é un retrato do propio Aute, o papel fundamental xógao el a través dos seus testemuños desde os anos 60 até os nosos días, nos que vai repasando non soamente a súa vida senón as súas facetas artísticas. Desde o universo do cinema con Azucena Rodríguez ou Jaime Chávarri, o da pintura con Fernando Bellver ou Borja Casani, o da poesía por parte de Jesús e Miguel Munárriz, e o da música, sobre todo a través de moitos dos seus compañeiros de profesión, integrantes do concerto homenaxe *Ánimo, Animal!* Ademais, o filme desvela material de arquivo da propia familia, fotografías e a súa evolución como intérprete nos escenarios e os seus grandes concertos. Tamén amosa o arquivo da época, pon en contexto o mundo que lle tocou vivir, desde imaxes do bombardeo en Manila por parte dos norteamericanos, até a

Transición nos anos 70 e 80. O filme é un fresco do mundo que lle tocou vivir a Luís Eduardo Aute.

Que papel xoga a música na película? A música é fundamental na obra de Eduardo e nesta película. Ao longo da metraxe, soan máis de corenta cancións de Luís Eduardo Aute, moitas na súa versión orixinal interpretadas por el, tanto nas primeiras gravacións como no concerto da xira Giraluna, como versionadas polos seus compañeiros, coetáneos e por xente nova, en versións de Rozalén, Marwan, Dani Martín, Jorge Drexler, Silvio Rodríguez, Serrat ou Sabina.

Que interese teñen as biografías no cinema? A biografía paréceme un xénero apaixonante, dáme a oportunidade de reflectir as vidas de xente á que admiro e da que me gustaría aprender algo.

Publicado en auteretrato.com
Tradución: Olalla Cociña

O autor

Gaizka Urresti (Bilbao, 1967) dirixiu 14 curtametraxes coas que obtivo un nomeamento aos Goya por *Un Dios que no ampara* (2011) e o Goya á Mellor Curtametraxe de Ficción por *Abtenerse agencias* (2014). Ademais, dirixiu tres longametraxes, *El último guion. Buñuel en la memoria* (2008) -co-dirixido con Javier Espada-, *Arizmendiarieta, el hombre cooperativo* (2018) e *Bendita calamidad* (2015). Na súa faceta de produtor destacan títulos como *Vida y color* de Santiago Taberner (2006) ou *Incierta gloria* (2017), de Agustí Villaronga.

NA LIBRARÍA NUMAX

El sexto animal, Luis Eduardo Aute
Austral

Toda la poesía, Luis Eduardo Aute
Espasa Calpe, 2017

ANA XA TEN O SEU ABONO

E ti, a que
agardas para
abonarte?

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenamax

